



CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2018

Na Consistorial de Sobrado, sendo o nove e media horas do día once de Outubro de dous mil dezaoto, previamente convocados, reuníronse, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros que compoñen a Corporación Municipal deste Concello, ao obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde. D. Luís Lisardo Santos Ares e coa asistencia dos Sres. Concelleiros cuxos nomes á marxe se relacionan

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Luís Lisardo Santos Ares (PSdeG-PSOE)

Concelleiros:.

D. José Antonio Veiga Sánchez. (PSdeG-PSOE).

D. Alfonso Ríos Santos. (PSdeG-PSOE).

D. Germán Astray Maceiras. (PSdeG-PSOE).

D. José Antonio Espiño Rodríguez (Grupo municipal Popular).

D^a. Victoria Veiga Mejuto (Grupo municipal Popular).

D. Juan Vicente Aller Penas (concelleiro non adscrito).

D. Ángel López Fidalgo (Todos por Sobrado).

Secretaria:

María Balsa Mosquera.



CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

Antes de entrar na deliberación fo primer e único punto da orde do día, o Sr. Alcalde presenta aos concelleiros á nova secretaria-interventora, D^a. María Balsa Mosquera, a cal desempeña o posto en réxime de acumulación, mentres estea de baixa o secretario-interventor en comisión de servizos.

Aberto o acto, procédese a deliberar sobre o asunto do orde do día:

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCICIO 2017.

En primer lugar, o Sr. Alcalde manifesta que se convocou este Pleno con carácter extraordinario para poder render a Conta Xeral debidamente aprobada ante o Consello de Contas dentro do prazo legalmente establecido .

A este obxecto áchase sobre a mesa o correspondente expediente contendo os documentos e xustificacións esixidos polas disposicións vixentes. Canto ao seu resultado da Conta Xeral, o Remanente de Tesourería é positivo en 1.576.901,63€, o Resultado orzamentario é positivo en 283.427,53€, e cúmprense os obxectivos de regra de gasto e estabilidade orzamentaria, segundo o disposto na Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria .

A secretaria-interventora dá lectura ao Informe favorable da Comisión Especial de Contas. Infórmase o cumprimento e demais trámites de exposición pública e demais requisitos esixidos pola Lei, sendo os informes de secretaría intervención de carácter favorable. A continuación o Sr. Alcalde convida os Sres. concelleiros a que formulen as preguntas que consideren sobre a Conta Xeral, non presentándose ningunha obxección nin pregunta sobre a mesma.

Sen máis debate, procédese á votación, adoptándose, co voto a favor de D. Luís Lisardo Santos, D. José Antonio Veiga , D. Alfonso Ríos, D. Germán Astray, D. José Antonio Espiño, D^a. M^a. Victoria Veiga, D. Juan Vicente Aller , e a abstención de D. Ángel López , o seguinte acordo:

«Vista a Conta Xeral do exercicio 2017, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Visto que o Titular da Intervención Municipal de fondos procedeu á formación



CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

da Conta Xeral desta Corporación correspondente ao exercicio económico de 2017, juntamente con toda a súa documentación anexa ao mesmo.

Visto que se finalizaron devanditos traballos e obtida a documentación correspondente, a Intervención municipal procedeu a emitir en data 31 de agosto de 2018 os correspondentes informes en relación á aprobación da Conta Xeral.

Visto que con posterioridade, a Comisión Especial de Contas do Concello en sesión celebrada en data 5 de setembro de 2018 emitiu o correspondente informe preceptivo en relación á Conta Xeral desta corporación relativo ao exercicio 2017.

Visto que mediante anuncio publicado o día 5 de setembro de 2018, a Conta Xeral –xuntamente co informe da devandita comisión- foron obxecto de exposición ao público durante o prazo de quince días, durante os cales, e oito máis, os interesados puideron presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Visto que de conformidade co contido da certificación librada polo Secretario Xeral da Corporación, durante o prazo de exposición ao público de devandita Conta, e oito máis, non se presentaron alegacións..

Visto o informe da Comisión Especial de Contas, e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propño ao Pleno, a adopción do seguinte acordo

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral do Exercicio 2017.

SEGUNDO.- Remitir a Conta Xeral aprobada xunto con toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas e Consello de Contas de Galicia, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e, en cumprimento dos mandatos da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade



CONCELLO DE SOBRADO

Praza do Portal, 1. 15813 Sobrado (A Coruña)

Teléfono: 981787508. Fax: 981787577. e-mail: correo@sobrado.es

Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e demais normativa concordante, ao Ministerio de Facenda e Función Pública.»

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo ás nove horas e corenta minutos, o Sr. Alcalde levanta a sesión, do que eu, como secretaria, dou Fe.

A SECRETARIA

O ALCALDE.